

O GOBERNO LOCAL DO PARTIDO POPULAR EN REDONDELA ADXUDICA AXUDAS CULTURAIS ENCUBERTAS A DEDO A EMPRESAS PRIVADAS



Mentres que as asociacións, centros culturais e entidades socioculturais sen ánimo de lucro de Redondela teñen que optar a axudas para a organización de festivais en concorrencia competitiva e cun máximo de 3.000 € por proxecto, o goberno local dedícase a outorgar axudas encubertas a dedo de case 7.000 € para eventos privados organizados por empresas sen vinculación algunha coa cultura de Redondela. Esta é a conclusión da Agrupación de Electores de Redondela tras examinar a relación de facturas a pagar do ano 2017 onde se indica que se **abonou á promotora e produtora de eventos musicais “Sinsaludio S.L.” a cantidade de 6.799,99 € en concepto de patrocinio de actividade do “Festival Sinsal Son Estrella Galicia”.**

Fóra dos festivais que contan con convenio regulado co Concello de Redondela, aprobados en pleno público en base ao seu interese xeral e traxectoria, os festivais locais máis humildes unicamente poden optar a unha axuda unha vez a administración local convoca a liña de subvencións específica, normalmente cara finais de ano xa cos eventos rematados. Estas entidades deben aportar gran cantidade de documentación e facturas xustificativas dos gastos realizados e defender xustificadamente os méritos do proxecto presentado, sendo avaliados en concorrencia competitiva, mesmo coa posibilidade de que esa axuda se lle denegue. Así pois, na edición do ano 2017 **os festivais propios de Redondela recibiron axudas que ían dende os 301 € o que menos recibiu, ata os 2.500 € ao evento que maior contía de axuda acadou.** Estas cantidades están moi lonxe dos 6.799,99 € que o goberno local decidiu de xeito unilateral e sen dar explicacións ao respecto outorgar a un evento externo, sen que as iniciativas locais tiveran tal opción en ningún momento.

Xa no ano 2015, a Intervención do Concello avisaba ao goberno local dunha intentona anterior de abonar os gastos deste mesmo festival de xeito directo e sen control; lembrando que **o Concello non organiza o evento, polo que non debe afrontar o pagamento dunha factura polas viaxes en barco ata a illa dos asistentes ao festival:**

Segunda: consta unha factura da empresa CRUCEROS ÁNGEL polas visitas durante o festival Sinsal. Este festival non é organizado polo Concello de Redondela, de tal xeito que incluso o Concello pagou unha factura por patrocinio (publicidade) do devandito festival, polo que a xuício desta Intervención, o Concello non debe afrontar o pagamento desta factura.

Fonte: REF: ASR-31.12.2015 Reparación. Asunto: Recoñecemento extraxudicial de créditos

AER considera que en Redondela existen procedementos regulados de axudas cunhas bases ás que rexerse, xa sexan a través da figura do convenio ou a través de convocatoria de subvención por concorrencia competitiva. **Para nada é de recibo que se ocultara esta forma directa de axudar a eventos ou festivais sen pasar polos mesmos filtros que os demais eventos programados polas entidades de Redondela** que levan anos traballando en prol da dinamización cultural da vila e parroquias. Resulta aínda máis grave cando o “agasallo a dedo” foi outorgado a unha promotora ou empresa privada.

Problemas co material propio para eventos

A situación resulta aínda máis sorprendente cando AER ten denuncias por parte de entidades locais organizadoras de eventos, sobre situacións en que **o goberno local rexeita colaborar prestando temporalmente material propio ou mesmo boicoteando** a última hora, ao non aportar alternativas a eses mesmos actos culturais. Un dos casos máis salientables é o rexeitamento a prestar o palco propio que posúe o Concello de Redondela, palco adquirido para uso de toda a veciñanza coa obvia preferencia para os actos programados pola administración local, e pagado cos recursos económicos do Concello, non cos recursos económicos do Partido Popular. Así pois, baixo a premisa de “o noso palco non o deixamos”, o Partido Popular de Redondela faise dono e señor do material propio do Concello e mesmo desenvolve a figura de xuíz decidindo sen criterio algún a quen llo deixa e a quen non. Casos hainos diversos, tal como as feiras que organiza a Asociación de Empresarios de Redondela onde o Concello pon a súa disposición todo tipo de material, incluída a man de obra para a súa instalación e mesmo recollida. Situación que contrasta sorprendentemente coas dificultades para a prestar, instalar e desmontar palcos, tarimas e postos de artesanía por parte de numerosas entidades sen ánimo de lucro programadoras de eventos, ou mesmo, o que é peor, a denegación de prestar material complicándolle ás asociacións poder dar unha actividade de maior calidade á veciñanza en colaboración co Concello de Redondela.

Fronte a esta situación de “poñer paus nas rodas” ao movemento cultural de Redondela atopámonos cunha situación de “alfombra vermella” a proxectos de empresas culturais foráneas, tal como xa acontecera no seu día co Lolapop e agora co Sinsal Son Estrella Galicia. Un goberno local que adxudica axudas culturais encubertas a dedo sen luces nin taquígrafos, de portas para dentro no despacho de alcaldía.

Redondela, 28 de marzo de 2018